

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2011**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás 12,50 horas do día sete de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(94).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 26.01 e do 28.01 e extraordinaria e urxente do 31.01.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(95).-DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

**A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 65/2010 P.O. DEMANDANTE: UTE ELOYMAR S.A. Y TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 14.01.2010. SENTENZA, NON FIRME, QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 5844/111.**

**B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 44/2010 P.O. DEMANDANTE: FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS EDUARDO CHAO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO PAGAMENTO DA ANUALIDADE 2008, CONVENIO DE COLABORACIÓN. SENTENZA, NON FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5793/111.**

**C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 230/2010 P.A. DEMANDANTE: D. FIDEL GARROTE FERNÁNDEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA, AÍNDA NON FIRME, INADMITE O RECURSO POR EXTEMPORANEIDADE. EXPTE. 6222/111.**

**D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 225/2010 P.A. DEMANDANTE: D. GONZALO SOTELO SEGUIN. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6235/111.**

**E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 213/08 P.O. DEMANDANTE: D. EDUARDO GARCÍA BARRIO. OBXECTO: ACCIDENTE DE MOTO. SENTENZA DESESTIMATORIA. EN 2ª INSTANCIA, APELACIÓN 4585/09, ESTA SENTENZA DESESTIMA A APELACIÓN DO DEMANDANTE, CON CUSTAS DE OFICIO.. EXPTE. 4520/111.**

**F)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 395/2010 P.A. DEMANDANTE: C.P. GARAXES R/SANJURJO BADIA 31. OBXECTO: RPA. DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO POR SATISFACCIÓN EXTRAPOCESUAL. EXPTE. 6193/111.**

**G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 456/2010 P.A. DEMANDANTE: D. VALENTIN ALONSO REY. OBXECTO: RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6280/111.**

**H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 410/2010 P.A. DEMANDANTE: D. JUAN BENITO ALVAREZ GARCÍA. OBXECTO: ACCIDENTE DE MOTO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6212/111.**

**I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 511/2010 P.A. DEMANDANTE: D. DAVID TABOADA LAGO. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6333/111.**

**L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 88/2009 P.O. DEMANDANTE: UNION DE CONSUMIDORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. OBXECTO: DENUNCIAS DE VIXIANTES SER E DEVOLUCIÓN DE SANCÍONS. EN 2ª INSTANCIA APELACIÓN 4029/10. SENTENZA DE DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN DA DEMANDANTE, CON CUSTAS DE OFICIO. EXPTE. 5097/111.**

**M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 23/2008 P.O. DEMANDANTE: SOLOPLAN, S.L. OBXECTO: CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA INVENTARIO MUNICIPAL. SENTENZA ESTIMATORIA, ANULATORIA. EN 2ª INSTANCIA, APELACIÓN 4032/10, ESTA SENTENZA, RESOLVE O NOSO RECURSO DE APELACIÓN CONTRA A SENTENZA DE INSTANCIA, DESESTIMÁNDOA CON CUSTAS DE OFICIO. EXPTE. 4210/111.**

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

#### **3(96).- CONCESIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTES. 454/21, 1678/14, 2627/11, 3042/12 E 2845/13.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 25.01.11, 1.02.11 e 27.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Dª Silvina Hortensia Villaverde Rivas. Expte. 454/21.
- D. Roman Rodríguez Penal. Expte. 1678/14.
- Dª Julia Carrera Costas. Expte. 2627/11.
- D. Alberto Valcarcel Rios. Expte. 3042/12.
- D. Teodoro Couto Vivian. Expte. 2845/13.

**4(97).- 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA DOS CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 2100/321.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 18.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización do 28.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 01-03-2011 ó 28-02-2012 do contrato para a prestación dos servizos de de atención ao público e conserxería dos centros cívicos dependentes da concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do que é actual contratista Imesapi, S.A.

O importe da prorroga será de 92.605,75 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan.

**5(98).-MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, ADXUDICADO A EMPRESA CLECE S.A. EXPTE. 38732//301.**

Retirado da orde do dia.

**6(99).-DECLARAR DESERTO O LOTE 4 DO SUBMINISTRO DE XOGOS BIOSAUDABLES. EXPTE. 5350/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 21.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

“Decalrar deserto o Lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de xogos biosaludables (expte 5350-446) por non presentar a empresa TLF S.R.L. a documentación requerida por acordo da Xunta de Goberno de 27-12-2010 e non haber outro licitador admitido.”

**7(100).- AUTORIZAR A COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., Ó PECHE DOS SERVIZOS HIXIÉNICOS DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO DAS RÚAS JENARO DE LA FUENTE, ROSALÍA DE CASTRO E AVDA. CASTELAO. EXPTE. 3532/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 28.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto das rúas Jenaro de la Fuente, Rosalía de Castro e avenida Castelao, para proceder ó peche dos servizos hixiénicos dos mesmos sempre e cando se indique na súa porta o lugar onde o usuario pode solicitar a chave cando precise utilízalos.”

**8(101).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

**A) SERCOYSA. EXPTE. 3500/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. a fianza de 31.330,86 € constituída para responder das obras de humanización das rúas Hernán Cortés e Luis Braille xa que foron recibidas mediante acta de 13.08.2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**B) SERCOYSA. EXPTE. 3501/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. a fianza de 500,81 € constituída para responder das obras de mellora da estrada Igrexa-Marcosende-Zamáns xa que foron recibidas mediante acta de 2.07.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**C) SERCOYSA. EXPTE. 3502/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. a fianza de 2.488,64 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na Baixada ó Capitán e acondicionamento en Vilar-Lavadores xa que foron recibidas mediante acta de 2.07.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**D) SERCOYSA. EXPTE. 3503/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. a fianza de 5.321,46 € constituída para responder das obras de mellora da estrada Igrexa-Marcosende xa que foron recibidas mediante acta de 2.07.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**E) HIDROSCIVIL. EXPTE. 1827/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a HIDROSCIVIL S.L. a fianza de 18.852,72 € constituída para responder do abastecemento a Cabral e Candeán xa que foron recibidas mediante acta de 18.12.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**F) BGL. S.L. EXPTE. 3450/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a BIENVENIDO GIL S.L. a fianza de 2.188 € constituída para responder da subministración de maquinaria para Centro Cívico Valadares xa que foron recibidas mediante acta de 27.07.2007 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**9(102).- PROXECTO CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DE INSTALACIÓN DA ESCULTURA “FIESTRA E LIBERDADE” NO ESPAZO PÚBLICO SITUADO FRONTE Ó MERCADO DO CALVARIO, CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12893/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 2.02.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o “proxecto correspondente ás obras de instalación da escultura “Fiesta á Liberdade” no espazo público situado fronte ó mercado do calvario, Concello de Vigo” elaborado polos arquitectos municipais con data 1 de febreiro de 2011.

2.- Nomear a D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luís Piñeiro Ferradas, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como directores da devandita obra.

3.- Nomear a D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para realizar a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos de execución para a instalación da escultura no espazo público proposto, e para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

**10(103).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB, POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 2010/2011. EXPTE. 10266/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 19.01.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 1.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club, para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría División de Honra de Béisbol na tempada 2010/2011.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 12.000,00 €. a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club co CIF: G-36933331 con enderezo social na rúa Curros 17 en Vigo en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0136.12.0040008843. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil once.

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, dona María Isabel Villar de Dios como presidente da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club CIF nº G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10266-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra de Beisbol, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

**II.-** Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.000,00 €, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club .

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tempada 2010/2011.



**V.-** Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10266-333.

**VI.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club , (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Club unha subvención por importe de 12.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na carteleira e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as

aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

**Décimo quinto.-**A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.

**11(104).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA VIGO RUGBY CLUB, POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 2010/2011. EXPTE. 10270/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 19.01.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 28.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría División de Honra B pola actividade na tempada 2010/2011.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Vigo Rugby Club co CIF: G-36680924 con enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6º C en Vigo, e número de conta corrente: 2080.0092.16.0040018069. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil once.

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Club CIF nº G-36680924 e enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10270-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Vigo Rugby Club conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra B, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e midiática do deporte.

A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

**II.-** Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Club.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Vigo Rugby Club na tempada 2010/2011.

**V.-** Que a entidade Vigo Rugby Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10270-333.

**VI.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Rugby Club, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Vigo Rugby Club conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Vigo Rugby Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á

financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na carteleira e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos

documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.

**12(105).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, POLA ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ELITE NA TEMPADA 2010/2011. EXPTE. 10273/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 19.01.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 28.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo para o

proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría 1ª nacional de Fútbol Feminino pola actividade na tempada 2010/2011.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 16.000,00 €. a favor da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo co CIF: G-36704666 con enderezo social na rúa Otero Pedrayo Nº 5 en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0077.12.0040016282. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.13 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dousmil once.

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Balbino Moreira Vallez como presidente da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo CIF nº G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedrayo Nº 5 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10273-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.- Que a entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo conta cun equipo de elite que participa na categoría 1ª nacional de Fútbol Feminino, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

A entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.13, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da entidade deportiva Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo .

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo na tempada 2010/2011.

**V.-** Que a entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm.10273-333.

**VI.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo , (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.13 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na carteleira e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e

aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.

**13(106).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVIZOS HÍPICOS HIPIGAL S.L., CONCESIÓN DIRECTA DA SUBVENCIÓN E DISPOSICIÓN DO GASTO. EXPTE. 10271/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 20.01.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 28.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión directa desta subvención por un importe de 220.000,00 €, a Servizos Hípicos Hipigal SL, consonte co previsto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións con cargo á partida “3410.470.00.01 Convenio Hipigal”, por importe de 220.000,00 €.

Segundo: Aprobar o texto do convenio, entre o Concello de Vigo e Servizos Hípicos Hipigal SL, para a celebración do Concurso Hipico Internacional CSI - Copa do Mundo de Hípica 2011, que se vai desenvolver os días 10-13 de febreiro e que se achega con este expediente.

Terceiro: Aprobar e dispoñer do gasto de 220.000 € con cargo á partida “3410.470.00.01 Convenio Hipigal”, a favor da entidade Servizos Hípicos Hipigal S.L., CIF: B-36873354 e con enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208. O pagamento realizarase na conta 2091-0511-35-3040028470.

Cuarto: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (110.000,00€) do importe total proposto, será abonado a Servizos Hípicos Hipigal S.L., á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase a Servizos Hípicos Hipigal S.L CIF: B-36873354, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do presente convenio.

Quinta: Habilitar ao Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SERVIZOS HÍPICOS HIPIGAL S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “CONCURSO DE SALTOS INTERNACIONAL DE HÍPICA VIGO 2011” NA CIDADE DE VIGO ENTRE O 10 E O 13 DE FEBREIRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Vigo, a      de      de dous mil once

## **REUNIDOS**

Por parte do Concello de Vigo:

D. Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:

- D. Manuel María Fernández de Sousa-Faro, en representación de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Moade, 72, en Vigo 36208 na representación da mesma, segundo resulta da escritura pública de constitución de sociedade de data 30 de xuño de 2000 articulada polo notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co Número 1257 do seu protocolo, que figura na documentación do expediente núm. 10271-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011, é unha das probas pertencente ó Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e amazonas do mundo, e converténdose desta forma no referente da modalidade a nivel mundial na data de celebración, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade.

**II.-** Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacionais.

**III.-** Que o Concello de Vigo está interesado no desenvolvemento deste evento deportivo co obxecto de:

- Promocionar a cidade de Vigo no ámbito deportivo e turístico como sede de grandes espectáculos deportivos de carácter Internacional capaces de atraer a atención Internacional durante o desenvolvemento da competición.
- Colaborar co ámbito de desenvolvemento do deporte de alto nivel como referencia para os deportistas da cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo Internacional.
- Promocionar o deporte-espectáculo na cidade de Vigo como alternativa de ocio.
- Consolidar á cidade de Vigo como unha das referencias a nivel Internacional no ámbito deportivo.



**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.470.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 220.000,00. €, a favor de servizos Hípicos Hipigal S.L.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración para a cofinanciación e desenvolvemento da Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos a celebrar na cidade de Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011, como pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

**VI.-** Que Servizos Hípicos Hipigal S. L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm.10271-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo o citado evento deportivo a desenvolver por Servizos Hípicos Hipigal S. L., en relación a Copa do Mundo de Saltos de Hípica, o Concello de Vigo e a dita entidade Servizos Hípicos Hipigal S. L. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Servizos Hípicos Hipigal S. L. e a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, comprométese a colaborar no desenvolvemento da Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos presentado e, concretamente, servizos Hípicos Hipigal S.L comprométese a:

- 1º- Organizar o "Concurso Hípico de saltos Internacional CSI Copa do Mundo de Hípica" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011.
- 2º- Xestionar a explotación dunha área para os servizos de bares e cafeterías, dentro do recinto feiral, como complemento e servizo ó público asistente ó Concurso hípico.
- 3º- Cumprir cos compromisos que se asinen coa Fundación IFEVI, xestora do recinto Feiral, sobre a utilización do recinto feiral de Cotogrande.
- 4º- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
- 5º- Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto feiral, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.
- 6º- Empregar o galego en todos os medios de difusión e promoción como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.
- 7º- A organización porá a disposición da Concellería de deportes invitacións para promover o evento.
- 8º- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

9º- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización do evento deportivo "Concurso de saltos Internacional de Hípica" que se vai celebrar en Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011 a Servicios Hípicos Hipigal S.L.

2º.- Colaborar coa beneficiaria ante a Fundación IFEVI nos trámites necesarios para a obtención da cesión das instalacións do recinto Feiral de Cotogrande para a celebración do Concurso Hípico CSI-Copa do Mundo- do ano 2011 durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontaxe de todos os requirimentos do concurso hípico.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., (revista, web, etc).

4º.- Conceder directamente á entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. unha subvención por importe de 220.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración da proba do Campionato do Mundo Hípico de saltos de Obstáculos entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011, con cargo a partida do orzamento vixente "3410.470.00.01 Convenio Hipigal", por importe de 220.000,00 €.

5º.- Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:

O 50% (110.000,00€) do importe total proposto, será abonado a Servicios Hípicos Hipigal S.L., á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase a Servicios Hípicos Hipigal S.L CIF: B-36873354, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria poderá subcontratar totalmente con terceiros a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tódolos ingresos derivados de: venda de entradas, apostas, matriculas, alugamentos, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Concurso Hípico, serán percibidos en beneficio de "Servicios Hípicos Hipical, S.L." para sufragar os gastos do concurso.

**Quinto.-** A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da "Copa do Mundo de Salto de Obstáculos 2011".

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, en calquera actividade ou evento relacionado co concurso, na carteleira e demais material gráfico elaborado aos efectos, segundo os criterios da Concellería de Deportes.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada.

Os xustificantes acreditativos por importe da subvención dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes, e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo quinto.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, de 2011.

**14(107).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN CANDEÁN”. EXPTE. 10296/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.02.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Construcción dun pavillón polideportivo en Candeán, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

3.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal.

**15(108).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS “OBRAS DE MELLORA NO PAVILLÓN DE LAVADORES”. EXPTE. 10297/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.02.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TÉCNICO, S.L.P.

2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, de Naos 04 Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa das “obras de mellora no pavillón de Lavadores”.

3.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde das “obras de mellora no pavillón de Lavadores”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

4.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal.

**16(109).- PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIOS DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA DE FONTES PÚBLICAS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 21750/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR.HH., do 18.01.11, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 31.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 4 trimestre do ano 2010:

<b>N persoal</b>	<b>Nome</b>	<b>a percibir</b>
14491	Juan Davila Perez	350.00
10725	Francisco Oterino Fernandez	280.00
79136	Francisco J Bea Puentes	280.00
<b>N persoal</b>	<b>Nome</b>	<b>a percibir</b>

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 910.00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernández, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, con cargo ao RC 40869 realizado en data 14 de xuño de 2010 da partida 92201500000, polo período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2010.

**17(110).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A REDUCIÓN DE XORNADA Á FUNCIONARIA Dª ESTÍBALIZ GARCÍA GUNTIÑAS, CON REDUCIÓN PROPORCIONAL DE RETRIBUCIÓNS. EXPTE. 21774/220.**

Dase conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 31.01.2011, coa proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos da mesma data, que di o que segue:

“A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 25 de xaneiro de 2011 (doc. núm. 110008540), D<sup>a</sup> Estíbaliz García Guntiñas, con DNI nº 53.170.119-F e nº persoal 7815, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social (UBAS Coia), solicita se lle conceda unha redución de xornada coa correspondente diminución proporcional do seu salario, consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), para o coidado dun fillo.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

**Primeiro.-** O art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

**Segundo.-** Dita petición é informada favorablemente pola Xefa do Servizo de Benestar Social, con data 31 de xaneiro de 2011.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Area de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D<sup>a</sup> Estíbaliz García Guntiñas, con DNI nº 53.170.119-F e nº persoal 7815, auxiliar administrativa adscrita á Área de Benestar Social (UBAS Coia), consistente na metade do seu horario laboral (de 08,00 a 11,30 horas), con efectos a partir do 1 de febreiro de 2011, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia”

DECRETO: Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**18(111).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO 2010. EXPTE. 21738/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de RR.HH., do 31.01.11, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 31.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de AGOSTO E DECEMBRO-2010 con cargo á partida presupostaria

121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Florentino Prieto Domínguez	Agosto	349'00
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Agosto	181'00
Parque Móbil	De Angel Alonso González a J. Manuel Sixto Pérez	Agosto	273'15
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Agosto	680'00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Agosto	71'30
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Decembro	208'00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Ricardo Lobato Cameselle	Agosto	84'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Eugenio Matilde Viñas	Xuño	156'00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Decembro	47'00
Extinción Incendios	De Mª Luz Palmás Calvar	Agosto	42'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Rubén Veiga García	Decembro	99'00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Agosto	8'00
Policia Local (Xulgados)	De Jesús Iván Abalde Casanova a Ramón Vidal Macía	Decembro	460'00
Policia Local (Horas en exceso)	De Constante Alonso Caride a José Manuel Bastos Puentes	Decembro	552'30
Vías e Obras	De José Manuel Ogando López a González Bello, Andrés	Decembro	171'00
Patrimonio Histórico	De Luciano Cuervo Coomonte	Agosto	24'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Eugenio Matilde Viñas	Agosto	147'00
Parque Móbil	De Carballo Magariños, Jesús a Florentino Prieto Domínguez	Xullo	187'00

O montante do presente expediente ascende a un total de **32.278'12** (TRINTA E DOUS MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS).

**19(112).- CONVOCATORIA E BASES SELECTIVAS QUE REXERÁN A PROVISIÓN DE POSTO DE SECRETARIO DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 21768/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Réxime Interior, do 31.01.11, que a continuación se transcribe, a Xunta de Goberno local acorda:



“Por instrución do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 13 xaneiro 2011, ordénase a esta xefatura de Área, que se de cumprimento a comunicación da Alcaldía-Presidencia de data 12 do mesmo, relativa a tramitación do procedemento de provisión de posto vacante de Secretario de Administración Municipal polo sistema de libre designación.

Este posto foi creado e clasificado por Resolución da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza de data 22.12.2010, publicada no Diario Oficial de Galicia de data 10.01.2011, a proposta de este Concello por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 10.09.2010 e rectificacións aprobadas polo mesmo órgano de datas 11 de outubro e 2 de novembro de 2010.

Dito posto de traballo resulta reservado a funcionarios con habilitación estatal, tendo asinado o nivel 30 de complemento de destino, e prevéndose expresamente na relación de postos de traballo como sistema de provisión o procedemento de libre designación.

De conformidade co disposto no artigo 99.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia co disposto no artigo 36 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, contemplase o sistema de libre designación para os municipios de grande poboación e que así se determinen nas correspondentes relacións de postos de traballo, condicións que concorren no Concello de Vigo.

As bases que rexerán a convocatoria de conformidade co disposto no artigo 37 do indicado Decreto 49/2009, deberán conter os seguintes datos:

- a)Corporación
- b)Denominación e clase de posto
- c)Nivel de complemento de destino
- d)Complemento específico anual
- e)Requisitos para o seu desempeño conforme a relación de postos de traballo
- f)Referencia ao coñecemento da lingua galega conforme o Decreto 103/2008, do 8 de maio

En canto a competencia para a aprobación das bases, corresponde a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no artigo 127.h) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, precepto adicional pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local a aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo.

Unha vez aprobadas as bases e convocatoria, corresponde ao presidente da Corporación a remisión ao órgano competente da Comunidade Autónoma para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e remisión ao Ministerio de Administracións Públicas.

Polo exposto, de conformidade co previsto no artigo 29 da citada Lei 7/1985 e o Decreto 49/2009, de 26 de febreiro sobre Exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de carácter estatal e das atribucións conferidas polo artigo 127.h) da mesma Lei 7/1985, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO:**

**“Primeiro.-** Aprobar a convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación o posto de traballo vacante de Secretario de Administración Municipal.

**Segundo.-** Aprobar as bases que figuran incorporadas a presente proposta como Anexo que rexerán para cubrir o indicado posto”.

## **ANEXO**

### **BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE SECRETARIO DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación establecido no artigo 99.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en vigor segundo a disposición transitoria sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto básico do emprego público, e da cordo co previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, o posto de Secretario de Administración Municipal deste Concello de Vigo, reservado a funcionarios da Administración Local, con habilitación de carácter Estatal, clase primeira, subescala Secretaría.

#### **SEGUNDA: CORPORACIÓN**

Concello de Vigo.

#### **TERCEIRA: DENOMINACIÓN E CLASE DE POSTO**

Secretario de Administración Municipal, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter Estatal pertencente a subescala de Secretaría, clase primeira, categoría superior.

#### **CUARTA: CARACTERÍSTICAS DO POSTO**

O posto que se vai a cubrir está incluído na relación de postos de traballo correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 20.09.2010 e rectificacións aprobadas en sesións de 11 de outubro e 2 de novembro de 2010.

O complemento de destino asignado ao posto é o correspondente ao nivel 30 o complemento específico asignado ao posto e de 42,102,76 € anuais.

#### **QUINTA: REQUISITOS PARA O SEU DESEMPEÑO**

Serán requisitos indispensables para concorrer a convocatoria, e poder desempeñar o posto no caso de ser nomeado:

Estar integrado na escala de habilitación estatal, subescala secretaría, categoría superior. A titulación esixida segundo a relación de postos de traballo é a de licenciado en Dereito, Ciencias Políticas e Socioloxía.

Non poderán concorrer a convocatoria os funcionarios/as que se atopen nas circunstancias establecidas nas letras a) e b) do artigo 28 do Decreto 49/2009, tal como determina o seu artigo 37.

Acreditar o coñecemento do idioma Galego, mediante a presentación coa solicitude de participación no proceso, da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado de Lingua Galega CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Se os aspirantes non acreditasen a posesión do CELGA 4 ou equivalente, realizaráselles unha proba de carácter eliminatorio polo procedemento recollido no artigo 2 do Decreto 103/2008 polo que se Regula o coñecemento de galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter Estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SEXTA: SOLICITUDES**

As solicitudes dirixiranse á Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nas oficinas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, dentro do prazo de quince días naturais seguintes ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto no artigo 37 do Decreto 49/2009 do 26 de febreiro, debendo indicarse nestas, ademais do contido mínimo establecido do artigo 70.1 da citada Lei 30/1992, o número do rexistro persoal, a situación administrativa na que se atope o solicitante, o seu destino, e deberán vir acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para o desempeño do posto.

Xunto coas solicitudes os aspirantes achegarán o seu curriculum vitae, no que constarán os títulos académicos, os anos de servizo, os postos de traballo desempeñados na Administración, estudos e cursos realizados e outros méritos que estimen oportuno por de manifesto, coa correspondente documentación acreditativa.

#### **SÉTIMA: NOMEAMENTO**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía-Presidencia procederá, no seu caso, a ditar resolución no prazo de un mes, tras verificar o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, da que se dará conta ao Pleno do Concello así como traslado a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, para anotación e publicación no Diario Oficial de Galicia.

En consideración ao sistema de provisión o nomeamento, realizarase discrecionalmente pola Alcaldía-Presidencia, en atención aos méritos aportados polos aspirantes, podendo declararse deserta a convocatoria si así o considera oportuno.

#### **OITAVA: TOMA DE POSESIÓN**

Os prazos para a toma de posesión serán os establecidos no artigo 34 do Decreto 49/2009, en consecuencia serán de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade co novo, ou de un mes si radica en localidade distinta. Este prazo empezará a contarse a partir do día seguinte o

do cesamento, que deberá efectuarse nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

#### **NOVENA: RECURSOS**

Contra o presente acordo os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo establecido na Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.“

#### **20(113).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A MOVEXVIAL, S.L., POR ACOPIO DE MATERIAS DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO”. EXPTE. 1831/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 26.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.-Proceder a devolución das fianzas a **MOVEX VIAL, S.L.**, constituídas na data reseñada, polo importe de :

<b>BANCO</b>	<b>Nº DE OPERACION</b>	<b>IMPORTE</b>
BBVA	201000046344	64.970,42 €
BBVA	201000046345	100.000,00 €
BBVA	201000046346	100.000,00 €
BBVA	201000046347	100.000,00 €

#### **21(114).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A MOVEXVIAL, S.L., POR ACOPIO DE MATERIAS DA OBRA “INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA (ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ). EXPTE. 1829/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 26.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.Proceder a devolución das fianzas a **MOVEX VIAL, S.L.**, constituídas na data reseñada, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixa Galicia	201000046340	100.000,00 €
Caixa Galicia	201000046339	100.000,00 €
Caixa Galicia	201000046338	100.000,00 €
Caixa Galicia	201000046337	100.000,00 €
Caixa Galicia	201000046342	122.061,50 €

**22(115).- PROXECTO MODIFICADO Nº 2 CUSTE CERO DA HUMANIZACIÓN E MELLORA DA TRV. DE VIGO, FASE 3. EXPTE. 770/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 27.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 2 “Custe Cero” da Humanización e mellora da Travesía de Vigo. Fase 3, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 26 de xaneiro de 2011.

**23(116).- PROXECTO MODIFICADO Nº1 CUSTE CERO DA CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES-MATAMÁ. EXPTE. 502/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 27.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 “Custe Cero” da Construción de beirarrúas na Rúa Manuel de Cominges – Matamá, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 21 de xaneiro de 2011.

**24(117).- AUTORIZACIÓN DE VENDA DE DIVERSOS TÍTULOS NAS DEPENDENCIAS DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1629/340.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum, do 26.01.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1- Autorizar a venda dos títulos relacionados a continuación, impostos incluídos, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias e de difusión das actividades propias da concellaría de Cultura e do Museo Verbum-Casa das Palabras.

CD A arte de facer libros. 150 unidades a un prezo de 5 €, IVE engadido.

Valle-Inclán. Palabra e imaxe. 150 unidades a un prezo de 8 €, IVE engadido.

2- Autorizar que a venda dos títulos indicados se faga nas dependencias do museo Verbum-Casa das Palabras.

**25(118).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L., POR PASO DE CAMIÓN POLA RÚA VELÁZQUEZ MORENO. EXPTE. 63309/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 41.850,00 € (corenta e un mil oitocentos cincuenta euros), a favor de Sánchez Álvarez, S.L.

**26(119).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA EDELNE, S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA TOLEDO. EXPTE. 62410/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 28.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución da fianza a EDELNE S.L., constituída na data reseñada, polo importe de 1276,02 euros.

**27(120).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GAS NATURAL SDG, S.A., POLA VARIANTE DA REDE VIGO-PORRIÑO EN APA ENTRE OS VÉRTICES V-8 E V-13. EXPTE. 62176/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 28.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución do aval a GAS NATURAL SDG S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 621,70 euros.

**28(121).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JOSÉ LUIS COLLAZO FERNÁNDEZ, POR OBRAS DE REPARACIÓN NA AV. CASTRELOS. EXPTE. 62527/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 28.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución do aval a JOSE LUIS COLLAZO FERNÁNDEZ, constituída na data reseñada, polo importe de 25 euros.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

**29(122).- DESIGNACIÓN DE SUPLENTES DOS INTEGRANTES DO COMITÉ DE EXPERTOS CONSTITUIDO NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERIODO EXECUTIVO DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PUBLICO E NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRAFICO. EXPTE. 10075/541.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Tesoureiro Municipal, do 1.02.11, conformado pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Designar como substitutos dos integrantes da comisión de expertos, para os casos de ausencia dos mesmos por calquera motivo, ás seguintes persoas:

- A Directora adxunta de Ingresos do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> María Dolores Vieites Alén, para os supostos de ausencia da Directora de Ingresos do Concello de Vigo.
- A Xefa do Servizo de Transportes do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Carmen Pintado García, para os supostos de ausencia da Xefa do Servizo de Seguridade do Concello de Vigo.
- O Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimerans, para os supostos de ausencia do Xefe do Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

**30(123).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE SITO NA R/ DO VAO 151, DO QUE É PROPIETARIA A “COMUNIDAD DE HEREDEROS DE ADOLFO ABRAÍN DOMINGO. EXPTE. 7915/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 10.01.11, conformado polo concelleiro-delegado de Promoción Económica e Emprego, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF E36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q.
2. Aprobar ó pago do aluguer polo montante de 26.904,00 €, (vinte seis mil novecentos catro euros) sendo a duración da prórroga do contrato por seis meses (6 meses), dende o día 01/01/2011 ata o día 30/06/2011. Este pago poderá imputarse contra a partida 2410 2020000 "Aluguer de inmovibles" do vixente presuposto, estando esta partida dotada con saldo suficiente para facer efectivo o pago.

**31(124).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 7942/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 3.02.11, conformado polo concelleiro-delegado de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e busca de emprego que se van realizar dende o **1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012.**

2- **Solicitar á Consellería de Traballo a subvención total de 105.874,60€** para financiar a contratación de tres técnicos/ás de orientación laboral dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012 e o financiamento dos gastos xerais de acordo co establecido na Orde de 31/12/10, sendo precisa unha **achega municipal** ao proxecto de **53.708,20€** para a contratación dos 3 técnicos de orientación laboral.

3- **Consignar, nos orzamentos municipais do ano 2011 e 2012,** unha partida cunha contía mínima de **53.708,20 €** para o cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.

CUSTOS TOTAIS	Mensual			Anual ( 12 meses)			Subvención Xunta (máx)	Aportación municipal
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total		
3 Técnico medio (orientador laboral)	7.954,44	2.457,92	10.412,36	111.362,16	34.410,91	145.773,07	92.064,87	53.708,20
Gtos persoal						145.773,07	92.064,87	53.708,20
Gtos xerais subvenc							13.809,73	
Subvención total							105.874,60	53.708,20

Orde do 31 de decembro de 2010 no artigo 11: subvención máxima de 30.688,29€/ano por cada técnico contratado y 21.480,29€/año por cada persoal de apoio contratado e o 15% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de



custo e desprazamentos que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

**32(125).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, PARA A COLABORACIÓN E PRODUCCIÓN DA PROGRAMACIÓN DOS EVENTOS DO ENTROIDO 2011. EXPTE. 3930/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 28.01.11, conformado polo concelleiro-delegado da área e informe complementario da mesma técnica do 31.01.2011, o informe do letrado asesor do 31.01.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio, que se achega ó expediente, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2011, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291, e Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF- G-36.704.666.

2º.- Aprobar as Bases técnicas de participación e Convocatorias nos Concursos de Comparsas, Carrozas, Disfraces e Coplas da edición do Entroido 2011.

3º.- Autorizar un gasto total de 120.470,00 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido), a favor de:

- 36.840,00 euros, a favor da Federación de Peñas El Olivo, CIF. G-36.704.666,;

- 83.630,00 euros, favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais, CIF G-36.791.291.

4º.- Que se realice un primeiro pagamento a conta por importe total de 65.210,00 euros, correspondente ó 40% do importe de produción (36.840,00 euros) máis o importe íntegro dos premios dos concursos (28.370,00 euros).

5º.- Que os devanditos pagamentos se realicen pola conta habilitada de Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241).

**CONVENIO DE COLABORACIÓN  
PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2011**

Vigo, de      de febreiro de dous mil once,

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

e D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo social na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

**MANIFESTAN**

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista no canto de ser mera espectadora; a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco, etc..

3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira.-** O presente convenio ten por obxecto a organización do programa de animación sociocultural do ENTROIDO que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de programa das actividades e bases dos diferentes concursos que se incorporan no anexo I deste convenio.

**Segunda.-** A programación do ENTROIDO levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación.

A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrência.

**Terceira.-**

1º.- O concello de Vigo establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos por importe de 120.470,00 euros para a produción do ENTROIDO, que se financiará con cargo ós créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Animación Sociocultural, bolsa de vinculación da partida 3380.227.9906 (convenio organización entroido), do vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ás actividades realizadas; conforme as seguintes contías e mediante transferencia bancaria ás contas correntes:

- O 60% do importe da produción (55.260,00 euros) máis o 100% do importe dos premios (28.370,00 euros), que fan un total de 83.630,00 euros, á conta nº 2100.5912.48.0200021010 domiciliada na entidade La Caixa, da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF.- G-36.791.291;
- O 40 % do importe da produción (36.840,00 euros) á conta nº 2080.0020.16.0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF.- G-36.704.666.

3º.- Ingresos á conta: co gallo de facilitar a administración e produción, tramitarase de oficio, un anticipo dun 40% das contías parciais de produción máis o importe total dos premios (65.210,00 euros), que se xustificará nos tres meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento de produción (55.260,00 euros) liquidarase previa a presentación da correspondente memoria e avaliación das actividades desenvolvidas, informe de execución compresivo das accións realizadas e relacións dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar.

**Cuarta.-** Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da concellería de Animación Sociocultural:

Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:

Interlocutor titular: Roberto Giráldez Barbeitos.

Interlocutor suplente: Angélica Sío Vila.

- Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:

Interlocutor titular: Balbino Moreira Vallez.

Interlocutor suplente: Juan Carlos Padín Nieto.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, un técnico adscrito ó servizo de Animación Sociocultural.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portófonos ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

**Quinta.-** As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
3. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.
4. Contratar todos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:
  - Actuacións musicais, orquestras e grupos folk.
  - Valados de seguridade, escenarios, megafonía no percorrido dos desfiles, portófonos e outra necesaria.
  - Iluminación ornamental para os espazos adicados ó Entroido.
  - Escenografía do pregón e da entronización, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Momo.
  - Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil e xuvenil.
  - Servizos de primeiros auxilios.
  - Decoración dos palcos.
  - Reportaxe fotográfica

- Agasallos ós membros do xurado.
- Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

5. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:

- 1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido.
- 20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.
- 1 lona para os fondos dos palcos, escenarios e percorridos; reproducindo o cartel do “Entroido 2011” incorporando os logotipos das entidades colaboradoras, Concellería de Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo.

6. Dotar a estes eventos do persoal voluntario necesario conforme ao seguinte:

- Os voluntarios deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que lles indique.
- Durante o desenvolvemento dos actos non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas.

7. Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.

8. Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

9. Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

10. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

11. Presentar na Concellería de Animación Sociocultural a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación,

balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

12. Asumir a edición do material gráfico da programación do *Entroido* e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería poderá facilitar á comisión organizadora o cartel referencial do Entroido que resulte gañador no concurso convocado ó efecto. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.

13. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do *Entroido*.

14. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

15. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen os desfiles de comparsas e enterro do Momo nos lugares de concentración e percorrido establecidos.

16. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas previstos conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo III a este convenio.

**Sexta.-** As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO, segundo o presuposto que figura no anexo II.
2. A Concellería de Cultura e Animación Sociocultural xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias
3. Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO.

**Sétima.-** A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

**Oitava.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.

**Novena.-** A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría Cultura e Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a relación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

**Décima.-** En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.

**Décimo primeira.-** O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

**Décimo segunda.-** O concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

**33(126).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XCA Nº 2 DE VIGO, RECAIDA NO P.A. 509/2009, DEMANDANTE: Mª DEL CARMEN ALONSO GONZALEZ. EXPTE. 2386/550.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados, do 20.12.11, conformado polo concelleiro-delegado de Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza nº 217/2010 do 18 de xuño do Xulgado nº 2 do Contencioso-Administrativo de Vigo recaída no P.A. 509/2009, interposto por Dª.Mª DEL CARMEN ALONSO GONZÁLEZ na que se declara que as resolucións de data 14 de setembro de 2009 recaídas nos expedientes 195/551, 196/2551, 197/551 y 198/551 non son conformes a Dereito e se anulan, deixando sen efecto a denegación da adxudicación solicitada. Así mesmo, declarar contrario a Dereito e anular o último inciso do “apartado e) PRIMEIRO” da Resolución da Xunta de Goberno Local recaída no expediente 199/551, en concreto onde di: *“non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que, consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicación, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso”*.

2. Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 40 anos a contar dende o día 1 de outubro de 2009 a Dª. Mª DEL CARMEN ALONSO GONZÁLEZ (NIF 36043560F) sobre os postos denominados B36, B30, B29 e B09 do Mercado do Progreso, suxeita ás seguintes condicións:

- O canon mensual inicial é de 90,62 euros por posto, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.
- Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.
- Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.
- A concesión está condicionada a que, nos prazos que se indican, o concesionario efectúe o ingreso das seguintes contías nos prazos que se indican, coma complemento ós 262,8 € xa ingresados a conta:
  5. 824,64 € antes do 13 de novembro de 2009
  6. 815,58 € antes do 28 de abril de 2010
  7. 815,58 € antes do 31 de outubro de 2010
- Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión.
- De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.
- Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización
- Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre o posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
  1. Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.



2. O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
3. No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíbel ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
4. As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.

Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

**34(127).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XCA Nº 1 DE VIGO, RECAIDA NO P.A. 352/2009, DEMANDANTE: M<sup>a</sup> DOLORES OYA AMOEDO. EXPTE. 2387/550.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados, do 20.12.11, conformado polo concelleiro-delegado de Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Dispoñer o cumprimento nos seus propios termos da sentenza nº 115/2010 do 28 de abril do Xulgada nº 1 do Contencioso-Administrativo de Vigo recaída no P.A. 446/2009, interposto por D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> DOLORES OYA AMOEDO na que se declara ter por non incorporada a introdución nas resolucións recaídas en expedientes nº 155/551, 156/551 e 157/551 do seguinte inciso: *“non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso e exclusivamente esta indemnización efectuarase por un só posto”*

2. Ordenar a incoación dun novo procedemento de solicitude de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DOLORES OYA AMOEDO para o outorgamento de concesión de dominio público sobre o posto denominado B46 do Mercado do Progreso , atendendo ás condicións definitivamente fixadas no acordo de 22 de xuño de 2009

**35(128).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBATORIO DAS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NAS PRAZAS DE POLICIA LOCAL DA OEP 2008. EXPTE. 21782/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 4.02.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a

Xunta de Goberno local acorda:

**“Primeiro.-** Desestimar expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado contida no recurso de reposición interposto en escrito de data 24/01/2011 por D. Modesto Vázquez Pazó (documento nº 110008545), pola motivación exposta no informe que antecede, previa ponderación esixida polo artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) e en atención aos fundamentos xurídicos expresados no mesmo

**Segundo.-** Desestimar o recurso de reposición interposto en escrito de data 24/01/2011 por D. Modesto Vázquez Pazó (documento nº 110008545), pola motivación exposta no informe que antecede e en atención aos fundamentos xurídicos expresados no mesmo.

**36(129).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DE DATA 28.01.2011, APROBATORIO DAS BASES DE SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS CUHA DURACIÓN MÁXIMA DE 6 MESES. EXPTE. 21781/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 4.02.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

**“Primeiro.-** Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro do 2011, aprobatorio das bases de selección de 1 enxeñeiro de camiños, canais e portos por exceso ou acumulación de tarefas cunha duración máxima de 6 meses, no que respecta á Base V, que debe quedar coa seguinte redacción:

*“O anuncio da presente convocatoria publicarase na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), nun dos diarios de maior tirada da provincia e no tabloeiro de edictos da Casa do Concello de Vigo. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboeiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que éstas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*

*Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de **catro días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.*

*Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).*”

**37(130).- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Sra. Mendez Piñeiro: pregunta polo destino da cantidade de 54.000 euros consignada para o Fondo Galego de Cooperación Internacional.

O Sr. Alcalde: manifesta que o asunto leva un certo retraso, pero que se está tramitando.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 12,58. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.